



A FOLLA DA CGT

Núm. 69 - 11 xuño 2021

Prazas 2020-2021

A asemblea xeral do luns rexeitou con claridade o documento sobre as bases das futuras convocatorias de prazas acordado na Comisión Central de Emprego. A postura de CCOO, o único sindicato que o defendeu, non sacou nin dez votos entre os traballador@s.

Os principais motivos da **CGT** para rexeitalo son:

- ♦ Non recolle a posibilidade da **inscrición presencial**.
- ♦ Mantén a **subcontratación** de partes do proceso.
- ♦ **Puntuación distinta** para os mesmos títulos académicos segundo sexan da FP dual ou da FP non dual.
- ♦ **Falta de transparencia:**
 - ♦ A identificación dos candidatos/as será por DNI, non por nome e apelidos.
 - ♦ A puntuación do baremo seguirá sen aparecer desglosada por conceptos.
- ♦ **Falta de obxectividade:**
 - ♦ A selección dos titulados universitarios segue a ser totalmente arbitraria.
 - ♦ Ábrese a posibilidade dunha **entrevista persoal** para determinadas prazas de oficinas, cos mesmos puntos có exame práctico. Isto é particularmente grave porque significa a introdución da **subxectividade** nunhas prazas (operarios-emplegados) que até agora sempre se rexeran por criterios obxectivos (agás o precedente da entrevista co psicólogo).

- ♦ **Limitación a 12 anos** da antigüidade dos títulos. Os títulos non caducan. Ademais, cambiáanse as regras cando hai persoas en paro ou con empregos peores có de Navantia que levan meses preparando as vindeiras convocatorias coa esperanza de lograr un emprego digno.
- ♦ Recorte no número máximo de anos na **puntuación por experiencia profesional** no baremo de operarios-emplegados sénior. Baixa de 15 a 10.
- ♦ Non recolle ningunha solución para o grave problema da **acreditación da experiencia profesional** nas prazas de operarios-emplegados sénior.

A subxectividade e as numerosas desfeitas causadas por RRHH de Navantia son un problema de primeira orde.

A **CGT** ás veces pode co inimigo e ás veces non. Pero **nunca** nos uniremos a el. Seguiremos loitando para que os procesos de ingreso sexan dignos dunha empresa pública: **obxectivos, transparentes e con igualdade de oportunidades**.



Cambios na nómina

A empresa enviou un correo informando do cambio do día de abono da paga extra, que pasará do 15 de xullo (fixado polo art. 33.13 do convenio) ó 10, coincidindo coa nómina de xuño. A empresa propúxollo ó intercentros e este aceptou.

En principio, adiantar a extra cinco días non parece maior problema. Pero neste contexto, coa empresa violando repetidamente o convenio e torpedeando ós traballador@s, ¿hai algún motivo para facerlle favores? Todo o contrario. E, sobre todo, ¿non deberíamos os traballador@s coñecer estas cousas polo comité, e non pola empresa?

Hai outro cambio, este non anunciado: na nómina entregada onte **desapareceu o nivel salarial**. Como coa non publicación do escalafón, ocultan a información como paso cara á desregulación das condicións laborais. A empresa está dirixida por neoliberais, para os que os traballador@s somos "sospeitosos habituais". Suspiran por un modelo no que cada traballador "negocie" individualmente as súas condicións laborais, sen convenios que dan dereitos colectivos e que impiden actuar arbitrariamente segundo o grao de submisión á empresa.

Problemas de tradución

O 31 de maio coñeceu a noticia de que Navantia ofrecía o modelo de fragata F-110 a Grecia. Unha empresa moderna ten que saber moverse en redes, e o twitter oficial de Navantia se facía eco da novidade, tanto en castelán (dereita) como en inglés (abaixo). Pero cun pequeno problema de tradución.

Mentres en castelán anuncia o ofrecemento, en inglés o tema preséntase así: "Navantia vai reivitalizar a industria grega coa súa proposta de fragata F-110".



Poucos días despois, Grecia declinou o ofrecemento. Así que como os gregos non queren que Navantia lles revitalice a súa industria, a ver se a dirección ten agora tempo para ocuparse da revitalización da propia Navantia, que cada vez está máis degradada por mor da crecente subcontratación e a falla de investimentos que modernicen as instalacións, que é no que hai que gastar os cartos, non en publicidade, campañas de imaxe, gravar vídeos e outras herbas.

E falando de herbas: seica Navantia quere plantar uns piñeiros en Prior. A algúns había que poñelos a sachar pero de verdade; seguro que o seu soldo estaría máis xustificado que adicándose a perder o tempo con virtualidades. Xa o di o proverbio: "Dirección de Navantia e leña verde, todo é fume".



Unha cuestión estratéxica

A **CGT** propuxo na asemblea do mércores pasar ó día 18 a mobilización prevista para o 16, para facela coincidir coa folga xeral en Cádiz contra o peche de Airbus Puerto Real.

Non só por unha cuestión de **solidariedade de clase**, que tamén, senón porque os problemas dos compañeiros de Airbus e Navantia de Puerto Real, e moitos outros no resto do Estado español (Gamesa, Alcoa, Endesa, ITP e Tubacex en Euskadi, a Nissan...), teñen o mesmo fondo: unha política consciente de destrución do tecido industrial.

Non hai cartos para o investimento produtivo e hai que reducir custes (peores condicións laborais, despedimentos, peches de empresas...). Este é o problema. Aquí tamén, aínda que algúns non sexan capaces de decatarse.

As loitas illadas están condenadas ó fracaso. A dura realidade está a demostrar que non hai solución empresa por empresa. En Navantia tampouco. "Singularizar" as nosas reivindicacións, "ir ó noso", como dixo a UGT na asemblea, só servirá para debilitarnos aínda máis.

Hai que dar pasos para **unificar as loitas** e facer unha fronte común esixindo un futuro digno para tod@s. Xuntos golpearemos máis forte. É unha cuestión estratéxica decisiva.

Operarios-emplegados sénior 2019

O proceso de revisión aínda non rematou. En calquera caso, xa está máis que claro que a porcentaxe de **non admitidos** vai ser de **escándalo**.

O principal motivo é que a profesión dos contratos non coincide **exactamente** con ningunha das recollidas nas bases.

Os requisitos non son unha **fin** en si mesma; son un **medio** para demostrar a experiencia profesional. Que a Navantia lle conste tal experiencia tamén **debería** ser un medio de **acreditación**.

É unha **vergoña** que a maioría dos traballadores da IA non se poidan presentar porque priman máis as formalidades que a realidade. E é aínda máis vergoña que o comité de empresa, no canto de ser parte da solución, sexa parte do problema.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

